

GUÍA

MATERIA: TRABALLO FIN DE MESTRADO [6 ECTS]

Curso 2022/2023

MATERIA: TRABALLO FIN DE MESTRADO

Esta materia está orientada á realización dun traballo de investigación, experimentación ou desenrolo orixinal nalgunha das liñas desenvolvidas no módulo específico do Mestrado, relacionado con algúns dos múltiples ámbitos do mundo profesional propios do ámbito do ensino secundario. Encamiñárase ao desenvolvemento dunha actividade que contribúa a acadar un conxunto de competencias de carácter académico, profesionalizante e investigador que enriqueza globalmente a súa formación inicial. Será guiado por unha persoa docente da universidade. Este traballo estará encadrado na etapa da educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

O traballo de fin de mestrado poderá estar ligado ás actividades de aula, unidades didácticas ou proxectos realizados polo alumnado na fase de prácticas, incluíndo sempre os aspectos de investigación educativa pertinentes a xuízo da persoa titora da universidade.

É preciso que o traballo sexa orixinal, e en ningún caso pode ser unha réplica da memoria de prácticas, aínda que si poida haber puntualmente aspectos relacionados.

ASIGNACIÓN TITOR/A DE TFM

A persoa coordinadora do itinerario informará ao alumnado de como se asignará ao titor/a de TFM, prácticas externas e PAT.

FORMATO ESTRUCTURA E ENTREGA DO TFM

Realización e entrega individual.

No Anexo I, detállase orientacións para a elaboración do TFM.

Formato e extensión: Espazo interlineal 1,5;
Marxe superior e inferior 2,5
Marxe interior e exterior 3.
Fonte 12 (Arial ou similar)
Páxinas entre 10 e 30 numeradas contabilizando o índice e a bibliografía.(Enténdese que co número mínimo pódese acadar a máxima cualificación).

Entrega: 2 copias PDF (unha na plataforma de teledocencia e outra ao titor/a).

O alumnado entregará o TFM, dentro do prazo establecido, contando co visto e prace da persoa titora académica correspondente, á que se lle deberá **enviar o traballo coa antelación indicada no seguinte apartado.**

Unha vez corrixido, os titores dos TFM autorizarán ao alumnado a expoñer/defender o seu traballo nunha sesión pública, diante do titor ou titora que actuará como tribunal unipersoal.

Detalle das tarefas dos axentes implicados:

a) Titor/a

- Emitir informe de conformidade na secretaria virtual, no caso de que o alumno/a presentara o traballo no prazo establecido.
- Avaliar ao alumnado en base ás esixencias establecidas para os TFM.

- Comprobar na secretaria virtual e na plataforma de teledocencia correspondente, nos días anteriores á presentación, que se atopa subido o arquivo correspondente o TFM. En caso negativo deberá comunicar a incidencia á secretaría do mestrado
- Cumprimentar Anexo III (Cualificación e revisión)
- Unha vez rematado o acto de presentación:
 1. Publicar na plataforma de teledocencia a nota provisional e a data de revisión.
 2. Na plataforma de teledocencia, subírase a Rúbrica TFM, identificando o documento co nome do alumno/a
 3. No caso de que o alumno/a solicite unha revisión, e necesario cubrir o anexo correspondente e subilo á plataforma de teledocencia. O documento debe identificarse co nome do alumno/a.
 4. Cando a nota sexa definitiva, deberá actualizarse na plataforma de teledocencia., e cubrir a acta individualizada oficial que atoparedes na secretaría virtual da UVigo. Nos Campus que se dispoña da opción anexar con esta Acta individualizada (na secretaría virtual) a copia da rúbrica.

b) Alumnado

- A partir do momento en que o titor-a faga o informe favorable na Secretaría virtual, debe realizar a través da secretaría virtual a “Solicitud de defensa do TFM” (Achegarse un documento cos pasos)
 - Subir á plataforma de teledocencia o arquivo dixital do TFM en pdf no prazo indicado.
 - Enviar á persoa titora o arquivo dixital do traballo en pdf no prazo indicado
- Non é necesaria a entrega impresa do TFM nin do xustificante de solicitude.
- Presentación e defensa ante o tribunal na data establecida. A exposición durará un máximo de dez minutos. O tribunal unipersonal disporá de cinco minutos para formular as cuestións relativas ao TFM que considere oportunas e o alumno ou alumna dun máximo de cinco minutos

DATAS

- **Convocatoria adiantada** (as persoas que teñan tódalas materias superadas, poden solicitar adiantar a convocatoria de xuño a febreiro) ANEXO II

30/01/2023: Entrega do TFM aos titores e titoras da Universidade para última revisión.

06/02/2023: Entrega do TFM á coordinación do Mestrado (plataforma de teledocencia) e a versión final aos titores da Universidade

31/01/2023-05/02/2023: Elaboración do informe de conformidade (telemático) por parte do titor/a.

07-08/02/2023: Elaboración, por parte do alumnado, da solicitude telemática de defensa do TFM

15-17/02/2023: Exposicións Traballo Fin de Mestrado.

- **1ª convocatoria:**

26/05/2023: Entrega do TFM aos titores e titoras da Universidade para última revisión.

05/06/2023: Entrega do TFM á coordinación do Mestrado (plataforma teledocencia) e a versión final aos titores da Universidade

26/05/2023-04/06/2023: Elaboración do informe de conformidade (telemático) por parte do titor/a.

05-07/06/2023 Elaboración, por parte do alumnado, da solicitude telemática de defensa do TFM

13-16/06/2023: Exposicións Traballo Fin de Mestrado.

➤ **2ª convocatoria:**

28/06/2023: Entrega do TFM aos titores e titoras da Universidade para última revisión.

05/07/2023: Entrega do TFM á coordinación do Mestrado (plataforma teledocencia) e a versión final aos titores da Universidade

28/06/2023-04/07/2023: Elaboración do informe de conformidade (telemático) por parte do titor/a.

05-07/07/2023: Elaboración, por parte do alumnado, da solicitude telemática de defensa do TFM

17-20/07/2023: Exposicións Traballo Fin de Mestrado.

SOLICITUDE DE DEFENSA TFM

Para poder presentar o traballo, é preciso que tódalas materias do Mestrado estean superadas.

A través da secretaría virtual debes facer a solicitude de defensa do TFM vía telemática. Esta paso é imprescindible para poder ser avaliados.

*Completeremos esta información cun PDF onde se explicarán tódolos pasos.

DEFENSA DO TFM

Será realizada por cada alumno ou alumna diante dun tribunal unipersoal que preside a persoa titora do TFM. Para a súa defensa pública expóranse os datos do lugar, día, hora e tribunal na Páxina Web do Mestrado, en plataforma de teledocencia ou mediante comunicado a través de e-mail. A súa exposición será apoiada cos medios informáticos, audiovisuais, multimedia/et. oportunos, cunha duración entre 8 e 10 minutos e posteriormente o tribunal poderá formular ao alumno ou alumna as cuestións que considere oportunas durante 5 minutos..

As exposicións de TFM poderanse facer de xeito virtual ou presencial.

- Nas exposicións presenciais, os docentes solicitarán á secretaría de docencia un aula.
- Nas exposicións virtuais recoméndase utilizar as aulas do Campus Remoto (pódense utilizar outros medios). No caso de utilizar outro tipo de aplicación, é preciso lembrar que as exposicións deben ser públicas, polo que habería que darlle acceso á exposición a outras persoas que solicitaran estar presentes.

AVALIACIÓN

TRABALLO	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
<p>A persoa titora dirixe e orienta a investigación e o alumnado, unha vez rematado o documento escrito deberá expoñelo diante do titor/a nos prazos establecidos</p>	<p>Calidade do documento escrito Presentación e defensa do TFM</p> <ul style="list-style-type: none"> - Calidade do documento escrito - Pertinencia do contido exposto. - Calidade da presentación oral. - Capacidade para a súa defensa. - Grao de resolución manifestado. - Adecuacións dos recursos e medios empregados na presentación, incluído o uso das TIC.

Nota Final: Puntuación de 0 a 10 puntos

- Tribunal unipersonal valorará o traballo de 0 a 10 puntos.
 - Ningún tribunal poderá asignar a matrícula de honra a unha persoa candidata ata recibir a autorización do coordinador/a de itinerario ou campus (é necesario para non superar o límite de MH no itinerario)
 - No caso de que a persoa titora, considere que o traballo presentado é merecedor de MH, deberá comunicalo á persoa coordinadora do itinerario e á persoa coordinadora de campus..
 - As matrículas de honra poderanse conceder aos alumnos/as que alcancen cualificación de sobresaliente, outorgándose as que autorice a normativa.
1. De haber máis persoas candidatas á matrícula de honra que posibilidades de matrícula no itinerario, e so cando a nota final sexa coincidente, seleccionárase á persoa que obterá a MH seguindo o seguinte procedemento:
 2. Sorteo público realizado pola persoa coordinadora de itinerario ou campus de non estar dispoñible.
 3. Datas do sorteo:
 - a. 1ª convocatoria: 26 de xuño de 2023
 - b. 2ª convocatoria: 27 de xullo de 2023

ANEXO I: ESTRUCTURA DO TFM

(Esquemas orientativos e flexibles)

CONSIDERACIÓNS IMPRESCINDIBLES PARA O DESENVOLVEMENTO DO TFM

A materia do TFM "(...)" está orientada á realización dun traballo de investigación, experimentación ou desenvolvemento orixinal nalgunha das liñas desenvolvidas no Itinerario Específico do Mestrado, relacionado con algúns dos múltiples ámbitos do mundo profesional propios do ámbito do ensino secundario. Encamiñárase ao desenvolvemento dunha actividade que contribúa a acadar un conxunto de competencias de carácter académico, profesionalizante e investigador que enriqueza globalmente a súa formación inicial. (...). Este traballo estará encadrado na etapa da educación secundaria obrigatoria educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas. O traballo de fin de mestrado poderá estar ligado ás actividades de aula, unidades didácticas ou proxectos realizados polo alumnado na fase de prácticas, incluíndo sempre os aspectos de investigación educativa pertinentes (...)."

CONSIDERACIÓN IMPORTANTE: polo referido anteriormente non quedaría xustificada o encadre do TFM no itinerario unicamente porque a mostra de estudo proceda do mesmo.

A extensión oscilará entre 10-30 páxinas (ver normas sobre maquetación na guía do prácticum).

1. Opción de investigación empírica

(cuantitativa e/ou cualitativa)

PORTADA

(Incluirá: logotipo da Universidade e nome da Universidade, Centro onde se presenta, Nome do mestrado e itinerario que se está cursando, Título do TFM, Nome e apelidos da alumna ou do alumno, Nome e apelidos da persoa titora. Lugar, mes e ano da súa defensa).

Índice (paxinado)

- Resumo (en galego, castelán e inglés)
- Palabras chave (en galego, castelán e inglés)

1. Introducción

Deberá incluír aspectos como: Marco teórico e estado da cuestión, obxectivos do traballo, preguntas ou hipóteses de investigación.

2. Material e Métodos

Dependendo do ámbito, deberá incluír apartados como: Deseño, metodoloxía de investigación e tipo de análises aplicados os datos.

3. Resultados

Presentación e descrición dos resultados obtidos, podendo incluír táboas, gráficos, figuras, etc. Recoméndase empregar diferentes subapartados para a presentación dos datos.

4. Discusión e conclusións

Deberá incluír a discusión crítica dos resultados obtidos, así como as conclusións derivadas e propostas de liñas de continuidade da investigación.

Referencias bibliográficas

Deberá incluír so as referencias dos traballos citados no texto seguindo unha norma para referenciais.

Anexos (de ser o caso)

2. Opción profesionalizante

(programas e/ou recursos)

Trátase de desenvolver unha proposta de actuación/intervención educativa ou socioeducativa nun contexto específico da educación secundaria relacionado co itinerario cursado, a partir do estudo diagnóstico desa realidade. Esta modalidade debe incluír o deseño, implementación e avaliación dun programa/proxecto nun ambiente profesional ou alomenos o desenvolvemento e avaliación dun existente. A opción profesionalizante pode tamén incluír o deseño e/ou implementación e avaliación de recursos ou materiais de interese para o título encadrándose no itinerario respectivo.

PORTADA

(Incluirá: logotipo da Universidade e nome da Universidade, Centro onde se presenta, Nome do mestrado e itinerario que se está cursando, Título do TFM, Nome e apelidos da alumna ou do alumno, Nome e apelidos da persoa titora. Lugar, mes e ano da súa defensa).

Índice (paxinado)

- Resumo (en galego, castelán e inglés)
- Palabras chave (en galego, castelán e inglés)

1. Introducción

Deberá incluír aspectos como Marco teórico e estado da cuestión, obxectivos do traballo, etc.

2. Análise do contexto

Realizar unha análise de necesidades aportando os resultados sobre a avaliación diagnóstica da situación. Para elo, será necesario recoller datos e analizalos, presentar os resultados e describilos (recomendase incluír táboas e figuras).

3. Deseño do programa de intervención (a partir da situación analizada e dos resultados obtidos):

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Competencias
- 3.3. Contidos
- 3.4. Actividades
- 3.5. Metodoloxía
- 3.6. Recursos
- 3.7. Cronograma
- 3.8. Avaliación

4. Descrición da implementación do programa

5. Resultados da avaliación do programa

Reflectir os resultados unha vez aplicada a intervención.

5. Conclusións (se procede)

6. Propostas de mellora (optativas)

Referencias bibliográficas

Deberá incluír so as referencias dos-as autores-as citados-as no texto seguindo unha norma para referencialos, por exemplo a APA.

Anexos (de ser o caso).

3. Opción de investigación teórica

(afondamento sobre un concepto teórico específico ou temática de interese para o título)

Trátase dun estudo teórico (proba ou monografía) que implica unha análise teórica, comparativa ou crítica, como base para discusión ou presentación sobre un tema en profundidade. Esta opción debe incluír unha ampla revisión/análise bibliográfica sobre o tema de estudo e debate en relación ás referenciais teóricas existentes ou aos coñecementos dispoñibles.

PORTADA

(Incluírá: logotipo da Universidade e nome da Universidade, Centro onde se presenta, Nome do mestrado e itinerario que se está cursando, Título do TFM, Nome e apelidos da alumna ou do alumno, Nome e apelidos da persoa titora. Lugar, mes e ano da súa defensa).

Índice (paxinado)

- Resumo (en galego, castelán e inglés)
- Palabras chave (en galego, castelán e inglés)

Introdución

Presentación do documento, obxectivos/ xustificación da elección, interese persoal ou académico do tema/ comentar estrutura e contidos do traballo/ outros aspectos.

1. Plantexamento dunha pregunta ou tema de estudo

2. Marco teórico e estado da cuestión

Presentación das aportacións relevantes sobre o tema (revisión bibliográfica sobre o temática, conceptos, teorías, ...). Recomendable utilizar subapartados.

3. Argumentación crítica sobre as cuestións/aportacións

4. Conclusións

5. Reflexións finais

Poderase reflexionar sobre as competencias adquiridas co TFM, dificultades atopadas á hora da súa realización, autoavaliación, etc.

Referencias bibliográficas

Deberá incluír so as referencias dos-as autores-as citados-as no texto seguindo unha norma para referenciais, por exemplo a APA.

Outras fontes (de ser o caso)

Anexos (de ser o caso)

ANEXO II: CONVOCATORIA ADIANTADA TFM***Convocatoria de matrícula en estudos de posgrado curso 2020-2021****I.2.1 Convocatorias adiantadas**

Establécese un procedemento e un calendario para solicitar adianto excepcional de convocatoria para alumnado que desexa rematar estudos de xeito anticipado para másteres que rematan estudos no segundo cuatrimestre (60 e 120 ECTS). Este procedemento non atinxe a estudantes que teñan pendente soamente o TFM, que estarán ao disposto no calendario dos seus respectivos centros.

Cada máster preverá unha convocatoria para a lectura do TFM ao remate do proceso de avaliación das outras materias pendentes, co fin de garantir que o adianto de convocatoria sexa efectivo.

I.2.1.1 Requisitos.

Que teña pendentes ata un máximo de 12 ECTS e para un máximo de 2 materias, asignadas no plan de estudos ao 2º cuatrimestre, excluindo o TFM.

No caso de que tamén lle quede algunha/s asignatura/s pendente/s do 1º cuatrimestre o máximo elevarase a 18 ECTS e tres materias, computando as do 1º cuatrimestre, pero excluindo o TFM.

A superación do conxunto das materias para as que se solicita adianto de exame mais o TFM implicará o remate dos estudos precisos para titularse.

I.2.1.2 Procedemento:**I.2.1.2.1 Solicitudes**

Presentaranse na área de posgrado no que se xestione o expediente do alumnado. Desde aquí daráselle traslado á Comisión Académica do máster, que valorará a posibilidade do adianto de convocatoria.

I.2.1.2.2 Listas provisionais e reclamacións.

A CAM publicará un listado provisional de materias susceptibles de adiantar e o alumnado autorizado a presentarse a cada unha delas, así como as materias e estudantes non autorizados, motivando as causas da denegación. O alumnado afectado poderá reclamar este acordo.

I.2.1.2.3 Listaxes definitivas e datas de avaliación.

A Comisión Académica publicará as listaxes definitivas, nos mesmos termos cas provisionais, indicando ademais as datas previstas para exame. De dito acordo achegara copia electrónica á correspondente Área Académica de Posgrao para xestionar a implementación das actas correspondentes.

I.2.1.3 Cómputo de convocatorias

O alumnado que non supere materias adiantadas do segundo cuatrimestre, só poderá presentarse aos exames previstos para xullo no calendario escolar para o curso 2020/2021, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de abril de 2020.

ANEXO III: DOCUMENTOS AVALIACIÓN TFM

CUALIFICACIÓN DO TFM (tribunal unipersoal)

CURSO ACADÉMICO:.....

ITINERARIO:.....

CONVOCATORIA: 1ª 2ª Extr

APELIDO E NOME DO ALUMNO/A _____

MEMBRO DO TRIBUNAL: Presidenta/e: _____

Pontevedra, de de

RÚBRICA

OPCIÓN/TIPOLOXÍA TFM: (1) Investigación Empírica (2) Profesionalizante (3) Investig. teórica

O TFM CUMPRE ESTES REQUISITOS: Encadrado na E. Secundaria Relacionado co itinerario Respecta a extensión permitida

CRITERIOS Para cada un dos criterios, colocar a puntuación numérica correspondente segundo o grao de cumprimento		CUALIFICACIÓN (0-1)
Traballo escrito (70 %)	Implicación e iniciativa no proceso de elaboración do TFM	
	Estrutura coherente, redacción apropiada e corrección lingüística.	
	Fundamentación teórica e estado da cuestión	
	Obxectivos e adecuación metodolóxica	
	Resultados do estudo coherentes cos obxectivos, preguntas de investigación ou hipóteses.	
	Discusión, conclusións coherentes cos obxectivos/preguntas de investigación/hipótese e cos resultados/deseño/análise crítica.	
	Suficiencia, interese e actualidade da bibliografía. Uniformidade de citas e referencias e correspondencia entre elas.	
Presentación oral e defensa (30%)	Selección, equilibrio e organización do contido na presentación oral.	
	Competencia comunicativa oral e emprego axeitado do vocabulario, así coma dos recursos empregados.	
	Respostas ás cuestión formuladas polo tribunal.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL: (Suma de tódolos items) 0-4,9 Suspenso // 5-6,9 Suficiente // 7-8,9 Notable // 9-10 Sobresainte		
Proposta para matrícula de honra*	SI	NON

*É preciso remitir ás persoas coordinadores de itinerario e campus a rúbrica por correo electrónico para que quede constancia da proposta. Ningún tribunal poderá asignar a matrícula de honra a unha persoa candidata ata recibir a autorización do coordinador/a de itinerario ou campus

PRESIDENTE/A

Asdo:.....

Revisión de cualificaciones	
Data:..... Horario: de a horas.	Lugar da revisión: Campus Remoto UVigo: Indicar enlace
Sala - Prof.	Contrasinal acceso estudiantado:

COMPROBANTE DE REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN DO TFM
(baixo petición do-a alumno/a)

CURSO ACADÉMICO:.....

ITINERARIO:.....

CONVOCATORIA: **Xuño** **Xullo** **Extraordinaria**

MEMBRO DO TRIBUNAL QUE FIXO A REVISIÓN:.....

Lugar, data e hora da revisión:.....

Apelidos e nome	Sinatura e DNI alumno-a	Sinatura profesor-a
<p>OBSERVACIÓNS:</p>		

ANEXO IV

CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN PARA OUTORGAR AS MATRÍCULAS DE HONRA DE TFM,

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

CONVOCATORIA: 1ª 2ª Extr

Sendo as horas do día.....de de, constitúese a Comisión para Outorgar as Matrículas de Honra de TFM, na aula desta Facultade.

MEMBROS INTEGRANTES

Coordinador/a Itinerario/Campus:.....

Con datade.....de, a Comisión acorda o seguinte:

APELIDOS E NOME ALUMNADO	CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA	
	SI	NON

COORDINADOR ITINERARIO/CAMPUS

Asdo:.....

Equipo coordinador

CAMPUS DE VIGO

Josefina Garrido González
Cristina Batlle Penela

Secretaría Docencia Mestrado Secundaria

Facultade de Bioloxía
Campus Lagoas-Marcosende 36200 Vigo
Tfno. 986 818667
E-mail: jgarrido@uvigo.es
mastersecundaria@uvigo.es

CAMPUS DE OURENSE

M^a Carmen Ricoy Lorenzo
Cristina Batlle Penela

Facultade de CC. da Educación, Campus Ourense,

Avd./ Castelao, s/n . Pavillón 2, desp. 27, baixo
32004 Ourense
Tlf.: 988 387065
E-mail: cricoy@uvigo.es
mastersecundaria@uvigo.es

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Salvador González González
Cristina Batlle Penela

Secretaría Docencia Mestrado Secundaria

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Despacho 110 Campus A Xunqueira 36005 Pontevedra
Tfno. 986 802036
E-mail: salva@uvigo.es
mastersecundaria@uvigo.es